



CIRCULAR INFORMATIVA 18/2019

1. XIII XORNADA XUSTIZA E LINGUA: REFLEXIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN (27.11.2019 ás 20.00 h)

O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organiza a XIII Xornada Xustiza e Lingua, Reflexións para a Normalización, co obxectivo de promover a reflexión acerca do proceso de normalización lingüística no ámbito da xustiza.

Día: mércores, 27 de novembro de 2019

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Hora: de 20.00 h

Prazas: 100

Inscrición: gratuíta, cubrindo o [boletín de inscrición](http://www.icasantiago.org) en www.icasantiago.org

Certificación de asistencia: expedida polo ICA de Santiago e pola Xunta de Galicia

Programa: (díptico e cartel na páxina web)

20.00 h. Acto de apertura

D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, decano do ICA de Santiago

D. Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística

D. Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza

20.15 h. Mesa redonda: **“A presenza do galego na xustiza: do uso social ao uso procesual”**

D. **Andrés Lago Louro**, xuíz decano de Santiago de Compostela

D^a **Isabel Castillo González**, avogada, colexiada 607 do ICA de Santiago

D. **Suso de Toro**, escritor

21.30 h. Clausura da xornada

2. FORMACIÓN EN VIOLENCIA DE XÉNERO. TALLER SOBRE A ORDE DE PROTECCIÓN (28.11.2019 ás 19.00 h)

O Colexio de Avogados organiza varias edicións dun taller específico sobre a orde de protección en materia de violencia de xénero, que será impartido por fiscais da Área de Santiago de Compostela.

A primeira edición deste taller terá lugar o vindeiro xoves, 28 de novembro, ás 19.00 h, na biblioteca do Colexio (rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo) e será impartido polas fiscais D^a Marta Sixto Tejo e D^a Carolina Goyanes Viviani.



CIRCULAR INFORMATIVA 18/2019

De cara a un máximo aproveitamento práctico das sesións, cada un dos talleres estará limitado a 10 participantes. Os colexiados e colexiadas interesadas unicamente poderán inscribirse nun dos talleres, xa que a súa programación e materia será a mesma.

Día: xoves, 28 de novembro de 2019

Lugar: biblioteca do ICA de Santiago

Hora: de 19.00 h

Prazas: 10 por grupo (con preferencia para avogados/as adscritos á quenda especial de violencia de xénero)

Inscripción: mediante solicitude dirixida ao enderezo icas@icasantiago.org

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago

Nas próximas semanas pogramaranse novas edicións deste taller e dúas sesións formativas, que serán anunciadas proximamente por circular.

Memento sobre violencia de xénero

O Colexio de Avogados adquiriu 100 exemplares do memento ***Violencia machista***, da editorial Francis Lefebvre, que serán repartidos de forma gratuíta entre as persoas que asistan a este taller e ás dúas xornadas formativas (con preferencia para avogados/as adscritos á quenda especial de violencia de xénero).

Os talleres, xornadas formativas e os mementos que se repartirán contan co financiamento da Xunta de Galicia a partir do convenio asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o desenvolvemento de accións de formación especializada a profesionais da avogacía en temas de violencia de xénero.